



**SESION ORDINARIA DE 26 DE NOVIEMBRO DE 2024**

**(Acta número 11)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as Deputados/as:**

- D. Efrén Castro Caloto
- D<sup>a</sup>. María del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz
- D. Daniel García Fernández
- D. Antonio Ameijide Osorio
- D. José Pardo Lombao
- D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- D. José Angel Santos Sánchez
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz
- D<sup>a</sup> Iria Castro Fernández
- D. Carlos López López
- D. Javier Varela Pérez
- D. Armando Castosa Alvariño
- D<sup>a</sup>. María Sol Morandeira Morandeira
- D. Francisco Cajoto Caserío
- D. José Demetrio Salgueiro Rapa
- D. José María Fernández Vázquez
- D. Clemente Iglesias González
- D. Luis Fernández Guitián
- D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno
- D. Héctor Manuel Corujo González

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e seis de novembro de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Asiste de xeito telemático, manifestando que se encontra en territorio español, o señor deputado don Iván Castro Díaz.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	1/29



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de outubro de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=2>

**2.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DE TRANSCRICIÓN NA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Logo de ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“Téndose producido erro material na transcripción da acta da sesión do pleno de trinta de xullo de dous mil vinte e catro, nos puntos da Orde do Día números 9: “Moción do Grupo Provincial Popular en defensa da igualdade entre españois e en contra de privilexiar a unhas Comunidades Autónomas fronte a outras”; e número 10: “Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao Goberno da Deputación a desenvolver un plan de apoio aos concellos da provincia para a xestión do ciclo da auga”, no que se refire á votación, por terse indicado nun dos parágrafos que a moción é aprobada, e noutro que é rexeitada, cando na vídeo acta consta que ambas mocións son rexeitadas polo voto de calidade da Presidencia.


Por todo elo, tendo en conta o disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propónse ao Pleno da Corporación da corrección do dito erro nos puntos nove e dez da acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil vinte e catro, no seguinte sentido:

Con respecto ó punto nove: **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN DEFENSA DA IGUALDADE ENTRE ESPAÑOIS E EN CONTRA DE PRIVILEXIAR A UNHAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS FRONTE A OUTRAS.**

*Onde di:*

“.....Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes aos

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	2/29





señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a moción presentada e anteriormente transcrita...”

*Debe dicir:*

“.....Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.


Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG) Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a moción presentada e anteriormente transcrita...”

Con respecto ó punto dez: MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A DESENVOLVER UN PLAN DE APOIO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A XESTIÓN DO CICLO DA AUGA.

*Onde di:*

“...Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes aos

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	3/29



señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a moción presentada e anteriormente transcrita...”

*Debe dicir:*

“.....Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG) Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a moción presentada e anteriormente transcrita...”


O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=3>

### **3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN SOLIDARIEDADE E APOIO Á VECIÑANZA E AOS CONCELLOS AFECTADOS POLA “DANA”.**

Logo de ver a Declaración Institucional, en solidariedade e apoio á veciñanza e aos concellos afectados pola “DANA”, do seguinte teor:

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	4/29





“A Deputación provincial de Lugo quere sumar o seu apoio e solidariedade á veciñanza e aos Concellos afectados pola DANA.

A tarde e noite do 29 de outubro, un terrible temporal de choiva torrencial, vento e unha sucesión de tormentas orixinadas pola DANA arrasou varios municipios; en especial das provincias de Valencia e Albacete, orixinando un número aínda indeterminado de vítimas mortais e decenas de desaparecidos. A perda de vidas humanas vai contar en centenaes.


Os servizos de Protección Civil e Emerxencias, as Forzas Armadas, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, Policía Local e as administracións máis próximas á cidadanía mobilizáronse, evitando unha desgraza aínda maior. Os concellos, as deputacións provinciais, os gobernos autonómicos e o Goberno de España puxéronse ao dispor, atendendo, apoiando e envorcándose en situación dramáticas, así como na procura das persoas desaparecidas.

A Deputación provincial de Lugo mostrou desde o primeiro momento a súa solidariedade e profunda consternación ante a traxedia, participando nos actos convocados nas entidades locais do país ou, levando a cabo unha achega económica de 100.000 euros á Federación Valenciana de Municipios e Provincias (FVMP) para colaborar nos esforzos de recuperación tras os devastadores efectos da DANA que afectou á Comunidade Valenciana. Medida adoptada para sumar esforzos e contribuír con rapidez á mitigación dos danos, especialmente para apoiar ás persoas en situación de maior risco e vulnerabilidade.

Por todo iso, a Xunta de Portavoces da Deputación provincial de Lugo:

- 1.- Defende a unidade de todos ante esta catástrofe e traslada a súa solidariedade aos familiares das vítimas e persoas desaparecidas, así como a cuantos perderon a súa casa ou se viron obrigados a abandonar os seus fogares.
- 2.- Comparte a predisposición e apoio necesarios á hora de favorecer e implementar todas aquelas declaracións e plans de axuda que establezan o Goberno de España - tendo en conta que acaba de declarar os territorios que sufriron a DANA como zona gravemente afectada- e os gobernos das comunidades autónomas, como así están a facer cada un deles.
- 3.- Valora o traballo insubstituíble dos servizos de Protección Civil e Emerxencias, as Forzas Armadas, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, as organización non

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	5/29



gubernamentais, os profesionais sanitarios, os medios de comunicación e todos cuantos contribuíron a reducir as consecuencias destes temporais.

4.- Agradece a disposición mostrada por todo o país, en especial dos voluntarios anónimos que se desprazaron a axudar aos que máis están a sufrir estes días.

5.- Á espera de coñecer a magnitude total dos temporais, solidarízase con quen noutras comunidades autónomas de España sufriron as consecuencias da DANA, onde tamén se lamentou a perda de vidas humanas e producíronse danos importantes de carácter material”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=4>

#### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2025, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“...

#### **PROPOSTA DO PRESIDENTE**


#### **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O 2025**

1. O proxecto de Orzamento Xeral da propia entidade ascende a 126.000.806,49€.

Aumenta en 12.857.547,08 € respecto de 2024, o que representa o 11,36 %.

O ámbito subxectivo a efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	6/29





- A propia entidade: 126.000.806,49€
- Consorcio Provincial de extinción de incendios: 7.599.948,12€
- Consolidación dos 2 entes (LOE) 130.402.892,23€

Aumenta en 13.903.965,41 € respecto de 2024, o que representa o 11,93 %.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	Conorcio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
<b>I N G R E S O S</b>				
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>	<b>125.700.806,49 €</b>	<b>7.599.948,12 €</b>	<b>3.197.862,38 €</b>	<b>130.102.892,23 €</b>
1. IMPOSTOS DIRECTOS	7.502.691,21 €			7.502.691,21 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.631.208,29 €			5.631.208,29 €
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	5.926.330,00 €	1.204.223,36 €		7.130.553,36 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	104.538.119,63 €	6.395.724,76 €	3.197.862,38 €	107.735.982,01 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	1.562.000,00 €			1.562.000,00 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	300.000,00 €			300.000,00 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	240.457,36 €			240.457,36 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>	<b>300.000,00 €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>300.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS				- €
<b>TOTAL</b>	<b>126.000.806,49 €</b>	<b>7.599.948,12 €</b>	<b>3.197.862,38 €</b>	<b>130.402.892,23 €</b>

	<b>G A S T O S</b>			
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>	<b>124.200.806,49 €</b>	<b>7.599.948,12 €</b>	<b>3.197.862,38 €</b>	<b>128.602.892,23 €</b>
1. GASTOS DE PERSOAL	32.097.747,65 €	4.838.356,01 €		36.936.103,66 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	35.192.459,55 €	1.132.978,46 €		36.325.438,01 €
3. GASTOS FINANCEIROS	309.350,00 €	1.100,00 €		310.450,00 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	20.990.656,10 €		3.197.862,38 €	17.792.793,72 €
5. FONDO CONT. E OUT. IMPREV.	1.586.032,47 €	1.618.513,65 €		3.204.546,12 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	19.135.827,98 €	9.000,00 €		19.144.827,98 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	14.888.732,74 €			14.888.732,74 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>	<b>1.800.000,00 €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>1.800.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.500.000,00 €			1.500.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>126.000.806,49 €</b>	<b>7.599.948,12 €</b>	<b>3.197.862,38 €</b>	<b>130.402.892,23 €</b>

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	7/29



Cúmrese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. O límite de gasto non financeiro da Deputación ascende a 112.906.282,63 € e a nivel consolidado co Consorcio a 116.545.731,15 €, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

A masa salarial consolidada do persoal laboral incluída no orzamento 2025, formada por todas as retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social, no seu caso, e sen aumento retributivo para 2025, resulta una masa salarial laboral consolidada en 2025 ascendente a 7.172.778,28 €, co seguinte detalle:

Deputación: 3.851.226,28 €  
 Consorcio de extinción de Incendios: 3.321.552,00 €

Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2025 ou normativa de aplicación, consignando a tal fin a previsión do 2,5% das retribucións no fondo de continxencia.

Ao Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2025-2027).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria achégase a previsión do Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2. O Orzamento da propia Entidade en 2024 estaba cifrado en 113.143.259,41 €, o presente aumenta en 12.857.547,08 €, o equivalente 11,36 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>	<b>125.700.806,49 €</b>
Oper. Corr. (1-5)	125.160.349,13 €
Oper. Cap. (6 -7)	540.457,36 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>	<b>300.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>126.000.806,49 €</b>

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	8/29







GASTOS	
<b>Op. non financeiras (1-7)</b>	<b>124.200.806,49 €</b>
Oper. Corr. (1-5)	90.176.245,77 €
Oper. Cap. (6 -7)	34.024.560,72 €
<b>Op. financeiras (8-9)</b>	<b>1.800.000,00 €</b>
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.500.000,00 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>126.000.806,49 €</b>

Os Capítulos de Inversións e de Transferencias de capital ascenden a 34.024.560,72 €, aumenta en 6.261.003,94 € respecto ao 2024, equivalente ao 27 % do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	240.457,36 €
-Alleamento de inversións reais	300.000,00 €
-Recursos ordinarios:	33.484.103,36 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

Os Capítulos 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio.

Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2023, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2024 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2024 referida ao 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de inversións que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financieiro.

3. Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	9/29



Deputación, sendo de aplicación ao Consorcio en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2025 que ascende a 126.000.806,49 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente

**2º.-** Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal

**3º.-** Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

**4º.-** Aprobar o límite de gasto non financeiro consolidado para 2025 ascendente a 116.545.731,15 €, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 7.172.778,28 €.


**5º.-** Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2025-2027).

**6º.-** Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2025.

**7º.-** Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

Toma a palabra a Interventora para indicar que, sobre o documento inicialmente aportado, e motivado por cambios despois da remisión a Actas do expediente no nivel de catro prazas de persoal eventual en Vicepresidencia, hai un cambio na dotación da aplicación orzamentaria correspondente ás retribucións persoal eventual, que se incrementan en 38.382,24, e que se compensa coa diminución por ese mesmo importe da Seguridade Social de Admón. Xeral, xa que así no supón ningún outro cambio do Orzamento, quedando modificado o Cadro de Persoal eventual.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	10/29





Entrégaselles aos señores Deputados copia en papel das follas do expediente que cambian.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Hector Manuel Corujo González e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

No transcurso do debate incorpórase á sesión o señor Deputado D. Daniel García Fernández.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=5>

**5.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO RECLAMANDO A APERTURA DO MATADOIRO DE SARRIA.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno da Deputación de Lugo, reclamando a apertura do matadoiro de Sarria.

O matadoiro municipal de Sarria é un referente para todo o sector agrogandeiro. Ademais, cabe destacar que esta zona caracterízase por albergar un número importante de granxas de porcino, así como salas de despece e pequenos talleres cárnicos, polo que o seu funcionamento e o seu servizo cobran un interese capital para a dinamización económica.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	11/29



O matadoiro leva pechado desde o pasado 26 de agosto por unha avaría na caldeira de auga quente e vapor, que segundo informou o Concello, emendaríase unha vez se recibiran os recambios para poder emendar o problema e recuperar o servizo. Sen embargo, a día de hoxe o matadoiro non só segue pechado senón que o propio Alcalde afirmou que agora o Concello de Sarria non pode facerse cargo do matadoiro municipal e propón un drástico cambio no seu modelo de xestión.

Esta desidia está a motivar, que as empresas elixan outras ganderías máis próximas a matadoiros co que se perderá moito volume de negocio e tamén repercutirá no consumidor final polos custos que supoñerá adquirir o gando noutras comarcas.

Este peche tamén motivou que o pasado 14 de novembro unhas catrocentas persoas, entre as que había gandeiros, carniceiros e consumidores e representantes de todas as forzas políticas se concentraran en Sarria para protestar contra esta situación.

Nesta mesma liña, a conselleira de Medio Rural, con claras competencias na materia, despois de reunirse cos rexedores de Sarria e de Mondoñedo, asegurou que a Xunta está aberta a estudar posibles vías de cooperación para recuperar a actividade de sendos matadoiros: «sempre e cando os Concellos presenten un proxecto económico, sólido e viable para continuar coa actividade».

Á vista da grave situación que está a provocar o peche dunha infraestrutura de tanta relevancia para a dinamización económica de Sarria e dos seus concellos limítrofes, presentamos a Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo:

- Inste ó Concello de Sarria a ser dilixente e áxil á hora de resolver a situación ante o "malestar" do sector, e de presentar "o antes posible" un proxecto económico sólido e viable á Xunta de Galicia para reanudar con celeridade a actividade do matadoiro de maneira definitiva e non con carácter transitorio.
- Inste á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a cumprir co seu compromiso de subvencionar gran parte do investimento necesario para poñer en marcha o matadoiro de Sarria, que se estima en preto de 280.000 euros, do mesmo xeito que se comprometeu a facelo co de Mondoñedo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	12/29





O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=6>

**6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE APROBE A DELIMITACIÓN DO TRAMO VILALBA-BETANZOS COMO INTEGRANTE DO CAMIÑO NORTE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:


“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia que aprobe a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago de Compostela.

A recuperación e posta en valor do Camiño de Santiago é un dos grandes éxitos colectivos da sociedade galega contemporánea. Dende o traballo pioneiro das Sociedades de Amigos do Camiño – iniciado na provincia de Lugo – ata a colaboración de persoas anónimas, o esforzo de investigadores, historiadores, etnógrafos, ecoloxistas ou arqueólogos ten permitido recuperar un dos grandes eixos vertebradores da cultura galega e da identidade europea. Este esforzo colectivo levou ó recoñecemento do Camiño Francés como patrimonio da humanidade no ano 1993, e a unha ampliación no 2015 incluíndo catro rutas do Norte (as rotas Costeira, Lebaniega, Primitiva e a Interior Vasco-Rioxana).

Por desgracia, o traballo da administración galega non ten avanzado co mesmo dinamismo que a sociedade civil. A Xunta aposta máis pola propaganda do Xacobeo que polo coidado do Camiño. Se repiten as esaxeracións (sempre estamos ante un Xacobeo récord), se prometen investimentos culturais que non se cumpren, e logo, no día a día, se lles quere cargar ós concellos o mantemento, por exemplo, das sendas peonís do Camiño.

Este Pleno ten recollido reiteradas reclamacións de posta en valor do camiño do Mar ou do camiño de Inverno, con escasa resposta da Xunta, pero non imos deixar de defender os nosos bens culturais.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	13/29



Neste sentido, queremos darlle un novo impulso a unha iniciativa que se ven desenvolvendo dende o ano 2017, a partir dun traballo de investigación publicado no Anuario Brigantino. Un traballo que xira arredor do tramo Vilalba-Betanzos do Camiño Norte orixinal (tamén chamado Camiño Real). O denominado “Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos)” emprendeu as labores de recuperación desta ruta. Para iso, enviou toda a documentación pertinente ó Cabido da Catedral de Santiago e este respondeu positivamente en carta asinada por don Segundo L. Pérez López, Delegado de Peregrinacións, o 15 de xullo de 2021, sinalando que “conforme á documentación presentada e ó correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela. Por elo, ós peregrinos que recorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acollida ó Peregrino concederáselles a Compostela como testemuña da súa peregrinación ó Sepulcro do Apóstolo Santiago”.

O 9 de outubro de 2021, reuníronse en Betanzos os oito alcaldes e alcaldesas dese tramo (Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos), asinando unha Declaración favorable a promover as medidas necesarias para sinalizar e manter en bo estado o Camiño, solicitando das entidades públicas, especialmente da Xunta de Galicia, o seu apoio e colaboración a fin de que culmine este proceso co recoñecemento oficial e coa conseguinte integración na rede de Camiños Xacobeos.

O “Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba- Betanzos)” deu un marxe de tempo para recibir achegas varias e solicitou á Fundación L. Monteagudo a redacción dunha Memoria do Camiño Norte de Peregrinación a Santiago de Compostela no tramo Vilalba-Betanzos, acompañada das memorias específicas para cada concello, que incorporan, como é de rigor información textual, fotográfica e planimétrica detallada. Como era lóxico, seguiuuse na redacción destas memorias a metodoloxía empregada no DECRETO 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa. DOG Núm. 245 Martes, 23 de decembro de 2014. Porque o obxectivo desta iniciativa é complementar o devandito Decreto cun tramo de camiño plenamente documentado, que conflúe en Betanzos co Camiño Inglés, cuxa delimitación foi aprobada polo Decreto 110/2014, de 4 de setembro, DOG nº 178 de 18 de setembro de 2014.

A defensa do patrimonio cultural, como elemento de valor en sí mesmo, e como factor de dinamización económica é un factor esencial de progreso para a nosa provincia. Por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	14/29





- A aprobación dun Decreto polo que se recoñeza a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago, segundo resulta da Memoria xustificativa.
- A toma en consideración das restantes reclamacións formuladas arredor do recoñecemento e posta en valor doutros trazados do Camiño na provincia (camiño do Mar, camiño do Inverno, vía Küinig).
- A presentación dun plan de investimentos para acondicionar todas as sendas do Camiño nos términos municipais dos concellos da provincia, liberando así ás facendas municipais dunha carga que non poden asumir e que, en todo caso, corresponde ás competencias da Consellería de Cultura”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=7>

**7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA INSTAR Á XUNTA DE GALIZA A GARANTIR O SERVIZO DE PEDIATRÍA NOS CONCELLOS DE COSPEITO, CASTRO DE REI E OUTEIRO DE REI.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	15/29



provincial, a seguinte Moción para instar á Xunta de Galiza a garantir o servizo de pediatría nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei.

*Exposición de Motivos:*

A atención primaria está a sufrir escaseza de profesionais facultativos de xeito recorrente en todo o país por falta de políticas sanitarias que frearan esta previsible e diagnosticada escaseza no seu momento. Lugo non escapa a esta tendencia, neste caso tratamos a falta de pediatras na atención primaria nos concellos de Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei.

Estes concellos próximos a Lugo capital dispoñían dunha pediatra compartida estando 2 días en Castro, 2 en Cospeito e 1 en Outeiro. En total atendían 579 cativas e cativos en Outeiro, 317 en Cospeito e 469 en Castro, sumando en total 1365 usuarios, aínda que, curiosamente, ía soamente un día da semana ó concello que máis nenos e nenos ten.

A falta de pediatras, deriva en que os médicos de familia teñan que atender ás crianzas e, aínda que están moi formados, non deixan de ser especialistas noutra área e non en pediatría. Alén diso, ter que asumir esta carga de traballo que non lles corresponde ós facultativos de familia agrava a delicada situación na que están en moitos concellos do rural, onde teñen unha carga de traballo moi alta ao estar sufrindo recortes. A non dotación de servizos como o que nos ocupa provoca que os concellos perdan poboación polo seu traslado á cidade onde si se ofrecen, acentuando o avellentamento dos citados concellos.


Tampouco nestes tempos as familias deberían verse gravadas con gastos para poder acceder a un servizo pediátrico que ten dereito a ter na Sanidade Pública. É a atención pediátrica en Primaria unha atención especialmente sensible que non se está atendendo de xeito adecuado por parte do goberno da Xunta.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción do seguinte acordo:

- Esixir á Xunta de Galiza que atenda as demandas da poboación destes concellos para que conten con servizo de atención pediátrica a tempo completo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvaiño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	16/29







O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=8>

**8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA DEMANDAR A EXECUCIÓN URGENTE DAS MELLORAS PREVISTAS PARA O FIRME DA ESTRADA N-540.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para demandar a execución urxente das melloras previstas para o firme da estrada N-540

*Exposición de Motivos:*

Vai para dez meses que se procedeu a adxudicación da reforma integral da N-540 cun prazo de execución de 36 meses. Neste tempo so se procedeu a realizar unhas mínimas intervencións nalgunhas das zonas máis deterioradas.

A día de hoxe podemos observar como se está a volver á situación de partida, xa que o deterioro da estrada N-540, que comunica as cidades de Lugo e Ourense, volve a ser importante e volve a afectar seriamente a súa seguridade.

A veciñanza e o tecido socioeconómico das zonas polas que pasa merecen algo máis que uns “bacheos” de mantemento. Non se lles debe castigar con pasar outro inverno nesta situación de serio risco. Intensificar os traballos de mantemento xa non é suficiente e non vai ser posible soste esta situación nun prazo tan prolongado ata que se realicen as anunciadas obras.

A mellora da sinalización horizontal fai máis segura a conducción, pero non soluciona os problemas ocasionados polo estado da vía.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	17/29



Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno do Estado e aos partidos políticos galegos con representación no Congreso ou no Senado, dos seguintes acordos:

Reclamar ao goberno do Estado que se execute de maneira urxente a reforma integral da N-540 para garantir a seguridade das súas usuarias e usuarios”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=9>

## **9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA MEDIDAS QUE CONTRIBÚAN Á VIABILIDADE DA PLANTA DE ALCOA NA MARIÑA.**


Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España medidas que contribúan á viabilidade da planta de Alcoa na Mariña.

A actividade das dúas plantas de Alcoa na Mariña -alúmina e aluminio- supón o 30% do PIB da provincia de Lugo, o que a converte nun dos principais motores económicos da provincia. Ademais, esta é a única fábrica que, ata a parada das cubas de electrólise en xaneiro do 2022, mantiña a produción de aluminio primario en España. A súa actividade foi declarada esencial durante o estado de alarma declarado polo Goberno de España con motivo da pandemia da covid-19 ao considerarse o aluminio como un metal estratéxico para moitos sectores -a construción, a automoción, a farmacia ou o sector agroalimentario, entre outros-.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	18/29





A situación de incerteza sobre a viabilidade da planta deriva da falta dun marco enerxético estable e competitivo compromete uns 2.000 empregos, ademais de postos de traballo indirectos na comarca.

O Goberno de España, único competente na materia, non foi capaz de abaratar o prezo da enerxía para que a factoría mariñá dispoña dun prezo da enerxía que lle permita competir con fábricas doutros países europeos coa enerxía máis barata.

A industria electrointensiva española non compite en igualdade de condicións con respecto ao resto de industrias europeas para evitar a súa deslocalización pola falta de accións do Goberno de España: o estatuto para a industria electrointensiva é insuficiente, non aproveitou os fondos europeos para un Perte específico do sector como fixeron outros países europeos, non desbloqueou os parques eólicos prometidos nin esgotou a contía máxima -860M€- nas axudas convocadas en concepto de compensación polos costes indirectos de CO2 -xa que se quedou en tan só 300M€-.

Actualmente o futuro da fábrica -e, polo tanto, o mantemento da actividade e do emprego- tamén está vencellado aos investimentos para a modernización da factoría. Pero o Goberno de España aínda non convocou a mesa de seguimento do acordo de Alcoa na Mariña -que debería ter convocado no terceiro trimestre deste ano dando cumprimento ao establecido no acordo asinado en decembro do 2021 e renegociado en febreiro do 2023- despois de transcender a proposta de acordo entre Alcoa e do socio inversor, Ignis EQT.

A mesa de seguimento, coa participación das administracións, a empresa e os representantes dos traballadores, constitúe o marco axeitado para coñecer os detalles do acordo de viabilidade, os compromisos das empresas e os apoios necesarios. A empresa xa manifestou publicamente que unha das condicións necesarias para que o preacordo de investimento sexa efectivo é a consignación de 80M\$ (74M€) correspondentes ás compensacións da compra dos dereitos de emisión de CO2 indirecto que Alcoa non percibiu entre os anos 2018 e 2021.

Outras empresas consideradas estratéxicas para o Estado -Telefónica, Air Europa e, máis recentemente, Arcelor, entre outras- si recibiron axudas públicas, pero a planta da Mariña non está a recibir o mesmo trato.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial acorda:

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	19/29



1. Trasladar o seu apoio unánime aos traballadores directos e indirectos da planta de Alcoa na Mariña e amosa a súa solidariedade coas familias afectadas pola situación de incerteza sobre o futuro da factoría.
2. Reclamar ao Ministerio de Industria e Turismo a convocatoria inmediata da mesa de seguimento de Alcoa San Cibrao.
3. Urxir ao Goberno de España a autorización dos parques eólicos vencellados á produción de enerxía para a factoría mariñá a prezos competitivos.
4. Esixir ao Goberno de España o compromiso para a consignación dos 80M\$ (74M€) correspondentes ás compensacións da compra dos dereitos de emisión de CO2 indirecto que non percibiu entre os anos 2018 e 2021 e o aumento da dotación orzamentaria ata o máximo legalmente permitido pola normativa europea para compensar os custos indirectos por CO2 da industria electrointensiva.
5. Instar ao Goberno de España a articular unha liña de axudas públicas que garantan o investimento para a modernización da planta no mesmo sentido que as que recibiron outras empresas tamén declaradas estratéxicas polo Estado”.


A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío e D<sup>a</sup>. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Substituír o contido da proposta de acordo polos seguintes puntos, que recollen os acordos aprobados no Congreso dos Deputados:

1. Modificar o Estatuto do Consumidor Electrointensivo para crear a figura das Empresas Hiper-Electrointensivas.
2. Garantir a través do Estatuto do Consumidor Electrointensivo e de todos os instrumentos públicos a máxima compensación por CO2 permitida por Europa.
3. Articular unha interrumpibilidade que aproveite a capacidade destas industrias para funcionar como colchón nos picos de consumo de enerxía.
4. Eliminar da factura eléctrica os custos de peaxes e cargos asociados ao transporte pola proximidade dos centros de consumo aos centros de produción.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	20/29





5. Atendendo á capacidade actual de xeración de MW das eléctricas coas que Alcoa ten subscrito PPA, á potencia que xa teñen adxudicada e á exportación de enerxía fóra de Galiza, as administracións teñen a obriga de articular, conxuntamente coas eléctricas, e axilizar a efectividade destas PPA para que o prezo da electricidade non siga a ser unha escusa para Alcoa. 27 MAR. 2024 16:34:53 Entrada: 18841

6. Estudar todas as accións legais e institucionais que garantan o cumprimento dos compromisos por parte de Alcoa. En especial, o referido á execución dos investimentos para a construción do forno de ánodos.

7. Aproveitar a compra do 100% de Alúmina por parte de Alcoa, para que o Goberno do Estado español, conxuntamente coa Xunta de Galiza, fiscalicen o proceso e busquen unha formula de intervención, na porcentaxe necesaria no consello de administración, que garanta a continuidade do emprego en San Cibrao, incluíndo por suposto o das auxiliares, como xa se ten feito en outras empresas como Telefónica ou Celsa Atlantic.

8. Activar a intervención pública de Alcoa, se for necesario, para garantir a continuidade da actividade e o mantemento de todos os postos de traballo”.

A emenda é rexeitada polo Grupo proponente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=10>

**10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A REPARAR AS VÍAS DA SÚA TITULARIDADE QUE SE ATOPAN NUN ESTADO INTRANSITABLE NOS CONCELLOS DA ZONA SUR DA PROVINCIA.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar á Deputación de Lugo a reparar as vías da súa titularidade que se atopan nun estado intransitable nos concellos da zona sur da provincia.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	21/29



*Exposición de Motivos:*

Moitas das estradas da rede viaria da Deputación de Lugo atópanse en mal ou, incluso, en moi mal estado chegando nalgúns casos, e en determinados puntos, a ser practicamente intransitables.

As deficiencias no firme das estradas provinciais van dende os blandóns ou o firme socavado ata o desgaste do pavimento, buratos de distintos tamaños e profundidades situados, nalgúns casos, en zonas de curva ou cambios de rasante ata a ausencia total de pavimento na calzada ou a falta dunha correcta sinalización.

Estas circunstancias provocan continuas molestias aos usuarios que discorren a diario por estas vías. Os vehículos poden chegar a sufrir distintos danos e, incluso, provocar algún tipo de accidentes de tráfico. Pero tamén se dan casos dun pésimo estado que mesmo impide o paso de turismos.

Á vista de que o mal estado das vías provinciais xera problemas para a comunicación dos lucenses lastrando o desenvolvemento do territorio e que, incluso, supón un risco para os seus usuarios; cómpre que a Deputación de Lugo se tome en serio o mantemento e a reparación das estradas que empregan a diario os veciños e veciñas da provincia para ofrecer unha vías en condicións de seguridade.

É máis, recentemente, este clamor chegou aos Plenos de distintos concellos da zona sur da provincia que apoiaron de forma unánime esta reivindicación: mellorar as comunicacións provinciais e garantir a seguridade dos usuarios.


Hai que ter en conta que a rede de estradas competencia da Deputación de Lugo que foi construída por gobernos do Partido Popular e que supera os 4.000 km constitúe o principal medio de comunicación entre parroquias e municipios da provincia, polo que é preciso que os diferentes gobernos provinciais as manteñan.

Estas vías son imprescindibles tamén para que os nosos visitantes accedan a puntos de interese turístico e, polo tanto, fundamentais para conectar os distintos reclamos da Ribeira Sacra, que opta a ser declarada Patrimonio Mundial da Humanidade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a:

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	22/29





1.- Analizar o estado das estradas provinciais ao seu paso polos municipios da zona sur da provincia e deseñar un plan de actuación obxectivo e igualitario para desenvolver actuacións de reparación, mellora e mantemento das vías para garantir a súa seguridade atendendo a criterios de perigosidade, grao de alcance dos desperfectos e volume do tráfico.

2.- Dotar de maior orzamento as partidas orzamentarias dirixidas á reparación, conservación e mantemento das vías provinciais”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío e D<sup>a</sup>. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=11>

**PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

**11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2024 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

O Pleno da Corporación queda enterado do informe dos meses de xullo, agosto e setembro de 2024 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=12>

**12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.**

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	23/29



Dáse conta do informe do terceiro trimestre de 2024 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=13>

### **13.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE SETEMBRO DE 2024.**

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 30 de setembro de 2024.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=14>

### **14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2024 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2024.**

Dáse conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2024 e previsións a 31 de decembro de 2024. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=15>

### **15.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**


Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ata o trinta e un de outubro de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4432 ao 4997. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=16>

### **16.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

**1º.-** Por parte do Presidente comunicase a Declaración Institucional polo Día Internacional para a Eliminación a Violencia Contra a Muller, que foi acordada por tódolos Grupos na Xunta de Voceiros, e que textualmente di o seguinte:

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	24/29







*“Declaración Institucional polo Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra a Muller.*

Nas sociedades verdadeiramente democráticas, non cabe acomodarse á inxustiza. A loita contra ela ten que desenvolverse día a día, de xeito constante, coa mesma enerxía que a primeira vez, co mesmo desexo de que cada paso sirva para erradicala definitivamente. Por iso cada 25 de novembro, cando conmemoramos o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, temos que facelo dende esa vontade de non conformarse. Porque non se trata de anotar unha data na axenda, senón de traballar para borrar unha lacra da realidade.

Por iso hoxe, e o resto dos días do ano, temos que ser conscientes de que a violencia que sofren as mulleres e nenas polo mero feito de selo sigue sendo un problema estrutural que atravesa fronteiras e culturas. Unha violencia transversal que transcende calquera variante sociolóxica de idade, situación económica, estudos ou lugar de residencia. Dende o ano 2003, 1.284 mulleres perderon a vida en España por este motivo, 71 delas en Galicia, 9 na nosa provincia de Lugo. A esta traxedia debemos sumar as innumerables violencias cotiás que permanecen moitas veces invisibles e silenciadas: a violencia económica que priva ás mulleres da súa independencia; a violencia vicaria, onde os fillos e fillas son utilizados como instrumentos de sufrimento; a violencia dixital, que se manifesta en ameazas, acoso e chantaxe na contorna virtual; e a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, unha das formas máis crueis de escravitude contemporánea.

Dende a Deputación de Lugo queremos reafirmar o noso compromiso coa loita pola igualdade e coa erradicación da violencia contra as mulleres. Unha tarefa que corresponde a toda a sociedade como parte dun esforzo colectivo para transformar as estruturas que perpetúan o machismo e a desigualdade. Unha tarefa na que os concellos pequenos, de ámbito rural, precisan toda a cooperación posible do resto das administracións do Estado. Porque se é certo que a violencia contra as mulleres é transversal, a resposta á mesma tense que adaptar á especificidade do medio no que se desenvolve. E a situación das mulleres no rural, con menos acceso a servizos públicos, con maior peso das estruturas tradicionais, con menos centros de información ou postos das forzas e corpos de seguridade, incrementa os factores de risco.

No conxunto do mundo, as forzas contrarias á democracia actúan sempre recortando os dereitos das mulleres. Por iso este ano, celebramos un avance crucial no ámbito europeo: a Directiva 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de maio de 2024, sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. É unha norma que marca un fito na protección dos dereitos das mulleres, establecendo medidas para combater a violencia de xénero e garantir o acceso á xustiza e a

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	25/29



protección das vítimas. Obriga aos Estados membros a adoptar medidas que fortalezan os servizos de apoio, aseguren unha adecuada resposta penal mediante a tipificación de novos delitos -como, por exemplo, o ciberacoso- e que promovan a cooperación transfronteiriza, garantindo que ningunha muller quede desprotexida polas fronteiras internacionais.

Por este motivo, instamos ao Goberno de España a proceder canto antes á transposición desta directiva ao ordenamento xurídico e normativo nacional, co fin de garantir que as vítimas de violencia de xénero reciban toda a atención e protección necesarias, de acordo cos estándares europeos. Así mesmo, instamos a todas as administracións competentes a redobrar esforzos na formación continua dos profesionais que interveñen na atención ás vítimas, co fin de garantir unha resposta especializada e de calidade que cubra todas as súas necesidades desde un enfoque integral e multidisciplinar. Que garanta que reciben non só xustiza e atención, senón o alento que a sociedade lles debe. Porque xa é tempo de que a vergoña caia sobre quen exerce a violencia, e non sobre quen a sofre”.

2º.- Así mesmo por parte do Presidente propónse, sendo aprobada dita proposta por unanimidade, que o pleno correspondente ó mes de decembro, que coincide co martes día trinta e un, se celebre á mesma hora o luns día trinta de decembro de 2024.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=17>

## 17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

### ROGOS

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a habilitación zonas circulación peóns na LU-P-6602, Galdo, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Veciños e veciñas da parroquia de Galdo (Viveiro), principalmente os máis maiores, teñen medo de poñer un pé fóra das súas casas ante o importante volume de tráfico que circula entre os núcleos de vivendas, en boa parte, a gran velocidade pola estrada LU-P-6602 que comunica coa feira de Galdo ou a parroquia ourolesa de Bravos.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	26/29





Esta vía provincial non dispón de marxes para a circulación dos peóns que se vén obrigados a compartir espazo con moitos vehículos que circulan pola zona ao longo do día.

A situación é perigosa para os peóns. De feito, recentemente, producíronse dous incidentes nesta estrada nun período breve de tempo no que dous vehículos arrojaron a dúas persoas.

Os propios veciños e veciñas teñen remitido queixas ao goberno local de Viveiro para que dera traslado á Deputación de Lugo sobre as súas demandas para a mellora da seguridade nesta estrada provincial.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo instale elementos reductores da velocidade e habilite, na medida que sexa posible, unha zona segura para a circulación dos peóns pola marxe da LU-P-6602 que coincidan cos núcleos habitados da parroquia de Galdo, en Viveiro”.

**Segundo.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a bacheo integral na LU-P-6305 no Valadouro, do seguinte teor:


“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O estado da estrada LU-P-6305 de titularidade da Deputación de Lugo que vai dende a Capela de Santa Filomena no Cadramón ao reemisor de TVE no municipio do Valadouro é intransitable para turismos.

Este é outro exemplo máis do mal estado no que se atopan moitas estradas de titularidade da Deputación de Lugo ao longo da provincia pola falta de mantemento e que están a xerar malestar entre os veciños e veciñas de distintos concellos.

O pavimento da LU-P-6305 está tan gastado e desfeito que da paso a profundas fochancas en diversos puntos ao longo da mesma de forma que é imposible circular con seguridade pola vía con turismos. Polo tanto, o seu uso está limitado a outro tipo de vehículos que tampouco poden circular con normalidade por esta estrada chea de buratos.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	27/29



As condicións desta vía condicionan o día a día de moitos veciños e veciñas que fan uso desta estrada que comunica con fincas das súas explotacións e, incluso, tamén de traballadores dos parques eólicos.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo acometa con urxencia un bacheo integral da vía de forma que se garanta a circulación de todo tipo de vehículos en condicións de seguridade”.

### PREGUNTAS

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á Casona do Incio, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte PREGUNTA

Na sesión celebrada o 27 de xullo de 2021, o pleno da corporación provincial aprobou por unanimidade, e a instancia dunha iniciativa presentada por este grupo, instar ao equipo de goberno provincial a realizar a rehabilitación integral de ‘A Casona’ do Incio.

O acordo aprobado foi o seguinte:

*“I. O Pleno da Deputación insta ó goberno provincial a realizar traballos de consolidación e mantemento que garantan a integridade estrutural da Casona do Incio de acordo cas indicacións dos servizos técnicos da institución.*


*II. A rehabilitación integral do edificio quedará supeditada ao deseño dun proxecto de uso que teña en conta a utilidade pública do edificio”.*

Dende esa data ata a actualidade pasaron máis de tres anos e o único que se fixo por parte deste goberno provincial foi apuntalar o inmovible, dando así cumprimento a unha parte do primeiro punto do acordo, pero obviando o máis importante: evitar que o edificio siga a deteriorarse e recuperalo para o seu uso público

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que ten previsto facer o goberno provincial con este inmovible de titularidade provincial para a súa rehabilitación para que teña utilidade pública?”.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	Fecha y Hora	04/12/2024 11:05:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	Página	28/29





**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ós terreos que tiñan que albergar a residencia de O Saviñao, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta:

A Deputación de Lugo adquiriu o compromiso con todos os veciños de O Saviñao no ano 2010, a día de hoxe incumplido, para a construción dun centro de atención a maiores no municipio que se formalizaba coa sinatura do convenio co Concello de O Saviñao en xaneiro do 2011.

Atendendo aos compromisos que recollía ese convenio interadministrativo, adquiríanse dúas parcelas de máis de 8.000 metros cadrados (con referencias catastrais 27058A136004930000UE e 1411302PH11S0001YI) sitas no casco urbano de Escairón a través da extinta Sociedade Urbanística Provincial S.A. (SUPLUSA). Trala disolución deste ente, a propiedade das parcelas é a Deputación Provincial de Lugo.

Na actualidade, esas parcelas atópanse sen uso nin proxecto coñecido en lugar de ofrecer o servizo público comprometido ou calquera outro servizo público aos veciños do Saviñao.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que ten previsto facer o goberno provincial cos terreos que tiñan que albergar a residencia de O Saviñao, un compromiso adquirido hai 14 anos, e da que a día de hoxe nada se fixo?”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241126&punto=18>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E	<b>Fecha y Hora</b>	04/12/2024 11:05:03
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VS3C3AEEJZWB3TXYN65ZO6E</a>	<b>Página</b>	29/29

